



TRADICCIÓN

 nova galega
de danza

COPRODUCCIÓN DO
CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO
E A COMPAÑÍA
NOVA GALEGA DE DANZA

Centro Coreográfico Galego
Axencia Galega das Industrias Culturais
Consellería de Cultura
Xunta de Galicia

Complexo Polideportivo de Elviña
Avenida de Glasgow, nº 11
15008 - A Coruña
Tfn - 981 134 946
Fax - 981 138 294
www.centrocoreografico.org



TRADICCIÓN

Centro Coreográfico Galego, coproducións / 05

tradición / 06

ficha artística / 10

xira tradición / 12

cía Nova Galega de Danza / 14



TRADICION

nova galega de danza



CCG - PROGRAMA DE COPRODUCCIÓN

O Centro Coreográfico Galego é un centro de creación, produción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza en Galiza. Co obxectivo de achegar a danza á cidadanía e de ofrecer aos profesionais todos os recursos necesarios para a creación e a produción de espectáculos pon en marcha unha serie de programas de apoio á danza e outras artes do movemento: producións propias, coproducións con compañías independentes, residencias artísticas, programas de formación, accións para públicos e publicacións.

Tradicción é unha das coproducións do Centro Coreográfico Galego da tempada 2007 - 2008, unha proposta artística de Nova Galega de Danza que conta ademais co apoio do Concello da Coruña. O programa de coproducións do CCG apoia proxectos profesionais de danza de iniciativa privada e independente. A compañía Nova Galega de Danza recibiu do Centro Coreográfico Galego un espazo de traballo, unha dotación económica, un asesoramento artístico e un acompañamento no proceso de produción.

O asesoramento artístico proporcionoullo o coreógrafo e director de Laboral Escena, Mateo Feijoó. Un dos expoñentes das artes escénicas contemporáneas, tal e como queda reflexado na súa longa e prolífica traxectoria. Esta titoría artística permitiulle aos integrantes de Nova Galega de Danza contar cun punto de vista alleo, tan necesario ás veces nun proceso creativo.

O ESPECTÁCULO

Despois de dous espectáculos nos que a compañía Nova Galega de Danza sorprendeu ao público cunha nova linguaxe, coreográfica e musical, agora con *Tradición*, esta compañía quere sorprendelo de novo utilizando, desta volta, os elementos que conforman o seu propio imaxinario.

Con este espectáculo Nova Galega de Danza quere achegarnos eses elementos tradicionais dende a contemporaneidade, amosarnos as nosas raíces dende o presente.

Terra, percusión, madeira, vento, forza, pobo, movemento, pel, destreza e virtuosismo. A proposta complétase cun novo deseño escenográfico, rupturista e sorprendente, e coa participación de profesionais doutras disciplinas artísticas que fan de *Tradición* algo máis que un espectáculo de danza e música.

Con este terceiro espectáculo, a NGD estivo inmersa nun proceso de investigación. Os directores da compañía, Xaime Díaz e Vicente Colomer, estudaron, revisaron e reinterpretaron a danza tradicional máis pura, a través de talleres vivenciais impartidos por Xavier Díaz. Imbuíronse da nosa cultura para dar un chanzo máis na procura dunha danza contemporánea de marcado carácter galego.

Esta nova produción sitúa a Nova Galega de Danza nun punto e seguido, é unha experiencia necesaria para seguir medrando. Experiencia que leva á compañía por distintas músicas tradicionais, en moitos casos inéditas, filtradas pola contemporaneidade e danzas creadas a partir de movementos e pasos moi primarios que nos axudaran a expresarnos con orixinalidade sen perder o contacto coa nosa raíz.



Tradicción é a busca de novos camiños de expresión. Novos tempos esixen novas formas. A identidade pode estar nas raíces renovadas desde a creación.

A música de *Tradicción*, mistura as melodías tradicionais con harmonías e texturas modernas. Neste sentido, é decisiva a colaboración do novo director musical da compañía, Pedro Lamas, co pianista jazz asturiano, Jacobo de Miguel, dando como resultado unha música moi persoal, de autor. Na que tamén serán fundamentais as aportacións persoais de cada un dos músicos que traballan con Nova Galega de Danza.

Ademais, nesta ocasión, preténdese mudar a posta en escena, incluíndo a proxección de imaxes, e un vestuario evocador da cultura tradicional galega, que amosa a “adicción pola tradición” no seo desta compañía.

Nova Galega de Danza aumenta, para esta produción, o número de bailaríns, o que xunto coa posta en escena, fan de *Tradicción*, un espectáculo que impacta, utilizando o escenario como un espazo no que ocorre todo: danza, música, tradición e modernidade. O escenario convértese nun anaco de realidade.

O resultado é un espectáculo máis redondo e máis próximo a propia idiosincrasia de Nova Galega de Danza.



Terra, percusión, madeira,
vento, forza, pobo, movemento,
pel, destreza e virtuosismo.

TRADICION nova galega de danza

FICHA ARTÍSTICA

Dirección Artística

Jaime Pablo Díaz , Vicente Colomer

Dirección Musical

Pedro Lamas

Coreografía

Jaime Pablo Díaz, Vicente Colomer

Músicas

Tradicionais, Pedro Lamas e Jacobo de Miguel

Arranxos

Pedro Lamas, Jacobo de Miguel e Músicos da Nova Galega de Danza

Letras

Tradicionais, Xabier Díaz

Asesoramento do Baile Tradicional

Xabier Díaz

Bailaríns

Alba Vázquez, Emma Cabañas, Laura García-Vera, Lorena Ballesteros, Iván Villar, Jaime Pablo Díaz e Vicente Colomer

Músicos

Juan Collazo (Vibráfono e percusión tradicional), Miguel Queixas (Batería e percusións), Ricardo Rozas (Guitarra), Suso Iglesias (Acordeón), Xabier Díaz/Toño Domínguez (Voz, gaita e percusión tradicional), Pedro Lamas (Saxo soprano, gaita e percusión tradicional)

Vestuario

Stefanie Pasterkamp

Diseño Iluminación

Antón Cabado

Diseño Maquillaxe

Lilianne Frías

Fotografía

Javier Paz, Mutador

Diseño Gráfico

Mutador

Imaxes

Ton und bild, Stefanie Pasterkamp

Director Técnico

Juan Vázquez

Técnico de Luces

Antón Cabado

Técnico de Son

Pachi Bladimir

Producción Executiva

Trintaetrés, S.C.

Dirección Producción

Juan Vázquez

Comunicación

Astresenpunto, info@astresenpunto.com. Tfn: 881 959 484

Prensa AGADIC, prensa@agadic.com. Tfn: 981 577 126 (ext. 105)

Prensa CCG. Tfn: 981 134 946

TRADICCIÓN nova galega de danza

TRADICCIÓN EN XIRA

Setembro

- Día 12 21.00 h. Teatro Rosalía Castro (A Coruña). ESTREA
- Día 13 21.00 h. Teatro Rosalía Castro (A Coruña)
- Día 19 21.00 h. Centro Social Caixanova (Pontevedra)
- Día 20 20.30 h. Centro Cultural Caixanova (Vigo)
- Día 28 20.30 h. Auditorio Pazo de Congresos Municipal (Ourense)

Outubro

- Día 10 Auditorio Municipal (Vilagarcía de Arousa)
Feira Galega das Artes Escénicas (Santiago)

Decembro

- Día 14 20.00 h. Auditorio Municipal (Narón)



NOVA GALEGA DE DANZA

A compañía Nova Galega de Danza é o resultado dun proceso que comezou en 1988, cando os bailaríns, Vicente Colomer e Jaime Pablo Díaz, acadan a súa madurez artística e profesional, e deciden concentrar esforzos para satisfacer as súas inquiredanzas na procura de novas formas de expresión, a fusión da tradición folclórica galega coa danza contemporánea.

Alento, o seu primeiro espectáculo, estréase no Teatro de Madrid (La Vaguada) o 8 de maio de 2003. Foi finalista dos Premios MAX como Mellor Espectáculo Revelación de 2005. Con este espectáculo Nova Galega de Danza participou na primeira Feira de Artes Escéncias de Galicia na que se programou danza. A este primeiro espectáculo seguiría *Engado*, estreado no Teatro Rosalía Castro da Coruña o 10 de febreiro de 2006.

Nova Galega de Danza atópase inmersa nun proceso de investigación, de achegamento á danza tradicional, para reinventarse a si mesma, imbuírse da nosa cultura de danza máis primaria e dar un salto máis na procura dunha danza contemporánea de marcado carácter galego.

O feito de que en Galiza se baile dun xeito determinado e se faga unha música concreta define a nosa identidade. A nosa singularidade como bailaríns e músicos radica nesa identidade e é aquí onde nace *Tradición*.

Esta nova produción sitúa a Nova Galega de Danza nun punto e seguido, é unha experiencia que a compañía ten que vivir para seguir medrando. Experiencia que vai na procura de músicas tradicionais, en moitos casos inéditas, tamizadas pola contemporaneidade e danzas creadas a partir de movementos e pasos cos que expresarse de xeito orixinal sen perder o contacto coa raíz.

Nova Galega de Danza quere buscar a identidade nas raíces. Profundizar no estudio da estética do noso folclore para conseguir un movemento novo nacido do noso pasado. Con *Tradición* a compañía galega quere mudar a posta en escea utilizando elementos que ate o de agora non aparecían nas súas propostas: espazo escénico, videoocreación, colaboración con artistas doutras disciplinas, etc, pechando así un espectáculo máis redondo e máis próximo a propia idiosincrasia de Nova Galega de Danza.



TRADICCIÓN nova galega de danza

coproducen:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE



centro
coreográfico
galego

coa colaboración de:



Concello de
A Coruña